

FESTAS DE SANTA MINIA

Máis atraccións para os nenos na Santa Minia

A música será a outra gran protagonista cun día rock, o sábado, e outro folk, o domingo

ANXO BENTRÓN [BRIÓN]

Brión celebra, dende onte e ata este domingo día 29, a festa máis emblemática da localidade: a Romaría de Santa Minia. A celebración, unha das máis famosas de Galicia, reunirá como cada ano a milleiros de devotos romeiros procedentes de todos os puntos da comunidade.

Durante estas tres xornadas festivas que quedan por diante, os asistentes poderán desfrutar dos tradicionais oficios relixiosos e da extensa programación cultural e de lecer con espectáculos para toda a familia. Asimesmo, un dos seus grandes atractivos será a súa ampla oferta musical coa actuación dalgunhas das mellores orquestras da comunidade, un día adicado ao rock e outro ao folk, mañán e pasado respectivamente.

Co comezo da tradicional romaría, un dos seus enclaves estratéxicos, como é a Carballeira de Santa Minia, reabrirá parcialmente durante a celebración como zona de paso.

“Queremos que a veciñanza e todas as persoas que nos visitan estes días tan especiais poidan ver os traballos de repoboación que se están facendo na Carballeira, onde estamos moi satisfeitos pola boa adaptación que están tendo os novos carballos”, señalaba o alcalde brionés, Pablo Lago.

Un espazo para os nenos

Os máis pequenos da casa terán tamén un gran espazo reservado na celebración. Durante os tres días celebrarase a sétima edición do Festival Monecadas coas representacións de ‘Unha armadura con ferruxe’, hoxe, ‘Cachimóvil: A cabeza do dragón’, mañán, e ‘A Cuba’, o domingo.

Ademais, as atraccións infantís terán un papel crucial nos festexos. Para este ano incrementouse o número de atraccións, cun récord de trinta postos instalados na localidade. Do mesmo xeito, e pensando na inclusión, as atraccións funcionarán sen música entre as 16.00 e as 17.00 horas, buscando facilitar así a participación de persoas con diversidade funcional.

Asimesmo, durante a mañá de hoxe, entre as 12.00 e as 13.00 horas, as atraccións colocadas pola Romaría de Santa Minia funcionarán de maneira gratuita para

toda a rapazada de Brión, nun esforzo do Concello por mostrar o compromiso coa veciñanza da localidade.

Durante estas xornadas de celebración manterase tamén o Punto Lila, un espazo de atención a mulleres e persoas LGTBIQ+ que sufran algunha agresión, ademais de servir como punto de concienciación sobre a necesidade de que as festas sexan espazos libres de violencia.



Os nenos poderán desfrutar hoxe de atraccións gratuitas. // ECG



ROMARIA STA MINIA
BRIÓN 26 AO 29 SETEMBRO 2024



Concello
de Brión

FESTAS DE SANTA MINIA

Festa e música enchen Brión para honrar a Santa Minia

A localidade engalánase para honrar á Santa con actividades dende onte ata o domingo

ANXO BENTRÓN [BRIÓN]

A localidade de Brión celebra estes días a súa tradicional Romaría de Santa Minia, unha das máis importantes e emblemáticas da comunidade que terá lugar ata o domingo 29, como vén sendo habitual nos últimos anos, no lugar de Pedrouzos.

As catro xornadas festivas, que arrincaron onte coa músic de Los Satélites e Olympus, e cun gran espectáculo de luz, son e fogos de artifício, continuará hoxe dende

as 10.00 horas cos pasarrúas do grupo de gaitas Airiños do Petouto e da charanga Os Jaláticos. Ás 14.00 horas será o turno das sesión vermú, que contará con Ruth Cundíns, e ás 16.00 horas haberá un novo pasarrúas coa charanga Os Celtas. A continuación celebrárase o VII Festival Monecadas e, xa ás 19.00 horas actuarán as Escolas de Baile e Música do Concello de Brión. Xa pola noite, dende as 22.00 horas, as orquestras Marbella e Origen serán as prota-

gonistas da verbena. En canto á xornada de mañán, sábado, comezará ás 11.00 horas co pasarrúas do grupo de gaitas Devagariño e continuará marcado polas actuacións musicais de DJ Nya Boe e a sesión vermú con Os Tristes. Dende as 17.00 horas volverá o VII Festival Monecadas, ao que seguirá o pasarrúas coa agrupación Tiralle do Aire. Xa pola noite, ás 22.30 horas terá lugar o concerto de Astaroth, ao que seguirán, ás

00.00 horas a actuación de SR. Salvaje e ás 01.45 a hora musical con DJ Nyan Boe.

En canto ao domingo, último día de celebración, a xornada arrancará ás 10.00 horas cos pasarrúas de Airiños do Paseo de Colón e da charanga Os Celtas. Dende as 12.00 horas terá lugar unha nova actuación de títeres dentro do VII Festival Monecadas, que dará paso á sesión vermú na que se celebrará o Festival Brión In-

clúe, con Leti da Taberna, Iguate e Chungo Pastel. Despois de xantar, ás 17.00 horas celebrárase o Festival de Bandas de Música coa Banda Municipal de Brión e a Banda Municipal CMUS de Carballo. Ás 19.00 horas, Os Celtas volverán percorrer as rúas da localidade e, dende as 20.00, o concerto de Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre servirá para pechar unha nova edición desta tradicional Romaría de Santa Minia.



Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre pecharán as festas de Santa Minia. // ECG



tembra
instalaciones y proyectos

Avda. da Mahía, 26 • BERTAMIRÁNS • M. 619 572 863 - T. 981 813 167 • tembra@tembra.es



Síguenos en Facebook



librería-papelería
Bastavales



TAMBIÉN
ESTANCO
BASTAVALES

Sabaxáns, 84
Bastavales-Brión

981 88 85 34



LINDO DENTE
CLÍNICA DENTAL

"O teu sorriso está nas nosas mans"

- ODONTOLOGÍA INTEGRAL
- IMPLANTOLOGÍA
- ORTODONCIA
- PRÓTESIS
- ESTÉTICA DENTAL

981 886 984 | info@lindodente.es • www.lindodente.es | Avda. da Mahía, 28 A • Bajo izquierda • Bertamiráns



ADRIÁN GARCÍA
ABOGADOS

Os Ánxeles - Brión
Avda. Noia, 56 - Bajo

981 887 117
www.adriangarciaabogados.es

ANA CAMIÑO
ABOGADA

Avda. da Mahía nº 68, 1º. Bertamiráns, Ames | T. 981 884 923

www.anacaminoabogado.com

Pellet para estufas calefactoras



Pinot®

Bastavales - Brión
15280 A CORUÑA
T. 981 888 696
981 888 797
info@pinot.es
www.pinot.es

ADEGA .SANTA MINIA.

Distribución de vinos, refrescos y licores

Calle Lamiño, s/n.
LAMIÑO, BRIÓN
info@adegasantaminia.es
T.981 887 282 - M. 677 418 372 | www.adegasantaminia.es



HORIZONTAL
Comunidades

Avda. da Mahía nº 68, 1º. Bertamiráns, Ames
T. 981 884 923
www.horizontalcomunidades.com



Riveiro
AUTOCARES



Amanecida, nº 5 | Brión • SANTIAGO
T. 981 805 463 | www.autocaresriveiro.es



Pirotecnia LÓPEZ, S.L.

Fabricación, venda e disparo de toda clase de fogos artificiais

Lg. Guitiande, 43 • Os Ánxeles BRIÓN (A coruña) • Tlfs. 981 887 278 - 630 916 282
info@pirotecnialopez.com